

## 20 anos nun día, á loita, “*xeremiers*”!

Tradución ao galego realizada por Teté Taboada, docente de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria.

Texto de: J.V. Franco Landete "Xevi"

### #TRACK1

[Escóitase un ruído de fogóns dentro dunha cociña e un “*porqueret*” (versión infantil do “*fobiol*”, frautín tradicional de Mallorca e Menorca) toca “Maestro Guiemet” de fondo.

Pouco a pouco achégase ata o primeiro plano e detense.]

Margalida – Avoa, que fas?

Avoa – Estou a limpar os caracois, que vén mañá teu tío pasar o día con nós, e pediu caracois para xantar.

Margalida – Caracois?! Pero mañá non é o “*Firó*”! (Festa tradicional de Sóller)

Avoa – Seino, Margalida, pero ben sabes que o tío xa non vive en Sóller e vén só de cando en vez, cando el pode. E se lle apetecen caracois cando vén, non pasa nada por comer caracois outro día do ano que non sexa o “*Firó*”. E logo non che gusta comer os caracois?

Margalida – Moito! Encántanme os caracois!

Avoa – Que problema haberá entón?

Margalida – Avoa, é que é ver os caracois e venme a lembranza do arrecendo a caracois cociñándose que hai por todo Sóller no día do “*Firó*”. E non é xusto, porque aínda falta moito, e eu quero vestirme de “*payés*” e ir co papá loitar contra a moraría!

Avoa – (ri) Ai, Margalida! Non podes negar que es *sollerica*!

Margalida – Pero... avoa.

Avoa – Dime.

Margalida – Eu de grande o que quero facer é saír co meu “*fobiol*” e tocar cos “*xeremiers*” de Sóller. Así, como fas ti, diante sempre, guiando os “*payeses*” de batalla

Avoa – Olo, que un día de *Firó* para os “*xeremiers*” non é só iso. Ben cedo de mañá a festa comeza coa música de “*xeremías*” e, cando remata todo, xa de noite, os “*xeremiers*” seguimos tocando ata pasada a medianoite. Iso é estar todo o día tocando!

Margalida – Iso non pode ser certo!

Avoa – Como que non!?

Margalida – Porque de mañá non hai batalla ningunha, o “*Firó*” comeza despois de xantar e remata na praza, cando canta toda a xente a Balanguera.

Avoa – Ui, Margalida... vexo que che falta moito por aprender do “*Firó*”. Ven, que che hei ensinar o que é un día de “*Firó*” desde o punto de vista dun “*xeremier*”. Menos mal que os “*xeremiers*” de Sóller fixemos un CD para o 20 aniversario, todo con pezas “*fironeras*”.

[Escóitase un pouco de ruído de CD’s chocando, imitando a procura da avoa]

Avoa – Mira, velaquí o está. escoitarémolo agora. Atende ben.

Margalida – Vale, avoa.

Avoa – A primeira peza titúlase “*Mateixa de Can Tamany*”. É unha peza moi antiga e orixinal de Sóller. Cada “*Firó*”, na primeira hora da mañá hai unha cerimonia moi solemne no Monumento onde están presentes as personaxes históricas e na que todos os “*payeses*” e “*payesas*” queren estar. Alí todo o mundo garda silencio mentres un “*forbioler*” toca esta peza, para despois aplaudir cando remata.

## **#TRACK2 “MATEIXA DE CAN TAMANY” (Xota de “Can Tamany”)**

### **#TRACK3**

Avoa – Gustouche?

Margalida – Moito! Un día serei eu ese “*forbioler*” e sairei alí no medio, diante de todo o mundo, para tocar esta peza.

Avoa – Abofé que si, Margalida! Pero, polo momento, queres saber como continúa o “*Firó*” para os “*xeremiers*”?

Margalida – Si, avoa, por favor!

Avoa – Daquela, despois dese acto cerimonioso no Monumento, van todos ás casas de “*Can Tamany*” para asistir á tradicional misa. E, como non pode ser doutro xeito, van diante os “*xeremiers*” seguidos polas personaxes históricas. Pero non é costume que os “*xeremiers*” queden nesta misa.

Margalida – Ah non?

Avoa – Non, xeralmente os “*xeremiers*” recibimos o convite de “Can Sec” de arriba para almorzar, e unha vez que chegamos a “Can Tamany” seguimos subindo ata “Can Sec”. Alí damos boa conta de todo o que hai para comer e beber, que sempre é moi bo.

Margalida – E só convidan a ese almorzo aos “*xeremiers*”?

Avoa – Claro que non, Margalida! Alí hai sempre moita xente, todos convidados polos donos, non creas que pode ir calquera, e a maioría ten moitas ganas de bailar. Por iso nunca podemos negarnos a tocarlles unhas xotas e uns boleros para que a xente baile. Como, por exemplo, o Bolero das “Valentes Dones”, un bolero moi “*sollerie*”.

#### **#TRACK4 “BOLERO DE SES VALENTES DONES” (Bolero das Mulleres Valentes)**

#### **#TRACK5**

Margalida – Agora quero escoitar unha xota.

Avoa –Xa estás a esixir, Margalida?

Margalida – Dixeches que tocares xotas e boleros para que baile a xente. Xa escoitamos un bolero e agora quero escoitar unha xota.

Avoa – Ben, a ver que atopamos neste CD dos “*xeremiers*”. Mira, esta xota que se escribiu pensando no acto da investidura, acto que se leva a cabo o xoves previo á feira para investir ás “Valentes dones” e que dá comezo ás festas. Como ben sabes, a cerimonia comeza coa entrada do “*Barrut*”, portador da barra de “Can Tamany”, e vai en compañía dunha parella de “*xeremiers*”.

Margalida – Si.

Avoa – Pois esta peza colle o seu nome da personaxe á que acompañan as “*xeremíes*”: “Jota des Barrut”.

#### **#TRACK6 “JOTA DES BARRUT” (Xota do portador da barra)**

#### **#TRACK7**

Avoa – Ben, Margalida, os “*xeremiers*” pasámolo moi ben aló enriba, mais o día avanza e hai máis xente que quere gozar das nosas “*xeremíes, fobiols e tamborinos*”.

Margalida – Claro! Temos que ir de batalla!

Avoa – Agarda, aínda falta para iso. Primeiro voltamos ás casas de “Can Tamany”. Sempre estamos atentos para chegar ao remate da misa. Alí temos por costume volver interpretar a “Mateixa de Can Tamany”, pero todos os “*xeremiers*” xuntos, e a continuación “Sor Tomaseta”.

Margalida – “Sor Tomaseta”! Esa seina!

[Margalida comeza a cantar “Sor Tomaseta” e a avoa súmase. Cantan a primeira estrofa]

Avoa – Moi ben, Margalida! Cantáchela moi ben!

Margalida – Grazas, avoa. Aprendéronnola na escola.

Avoa – Ben feito! A ver, por onde ía... ai, si! Ao rematar “Sor Tomaseta” imos a outra casa á que xeralmente somos convidados. Esta casa está pretiño das casas de “Can Tamany” e tamén se chama “Can Sec”, por iso nós lle chamamos “Can Sec” das casas de “Can Tamany”.

Margalida – E alí tocades de novo?

Avoa – Claro que si! Alí adoita haber moita xente, sobre todo labregas, xa que a casa é o centro de reunión do colectivo de “*payesas*” durante a mañá do “*Firó*”, e as “*payesas*” sempre teñen ganas de bailar nos días de festa.

Margalida – E que pezas tocades alí?

Avoa – Tocamos moitas. Se cadra che gustaría escoitar unha peza que compuxemos os “*xeremiers*” de Sóller para as “*payesas*” e que, de feito, se chama “Jota de ses Pageses”.

## **#TRACK8 “JOTA DE SES PAGESES” (Xota das “*payesas*”)**

### **#TRACK9**

Avoa – Estou agora pensando que hai unha canción que sempre facemos en “Can Sec” das casas de “Can Tamany” que che vai gustar escoitar.

Margalida – E cal é, avoa?

Avoa – Unha canción que repetimos moito durante todo o “*Firó*” que, para nós, para os “*xeremiers*”, ten un especial significado neste momento do día.

Margalida – E logo cal é? Como se chama?

Avoa –A canción chámase “No en volem cap”, de seguro que a coñeces.

Margalida – Abofé que si! Pero por que é tan especial para os “*xeremiers*” aquí?

Avoa – Porque cada ano hai un momento máxico para nós. Sempre rematamos por entrar na cociña e alí está o dono e unha chea de “payesas”, tantas que temos que facer un esforzo para entrar. Os “fobiolers” non temos nin espazo para poder repenicar o “tamborino”, e os “xeremiers” deben pór posturas raras para que entren os seus “xeremies” mentres os tocan. E nesa cociña, que semella unha lata de sardiñas polo apertados que estamos, todo o mundo canta e dá palmas.

## #TRACK10 “NO EN VOLEM CAP” (Non queremos ninguén)

### #TRACK11

Margalida – Avoa, unha pregunta.

Avoa – Dime

Margalida – Unha maña do “Firó” sempre foi como ma contaches?

Avoa – Ai, cativa... Non sempre foi así, non: a festa muda, os hábitos dos que a viven tamén mudan e os “xeremiers” adáptanse a esas mudanzas. Pero durante moitos anos ese foi o costume dos “xeremiers” durante a mañá do “Firó”. O que nunca cambia é que ao mediodía, como todo “sollerico”, cada “xeremier” xanta coa súa familia e amizades, isto faino cadaquén ao seu gusto. É o único momento do día no que os “xeremiers” se separan. Mais ao escoitar o toque das campás, reencontrámonos na praza de “Estiradors” para escoitar a arenga do Capitán Angelats co resto de “payeses” e despois dirixímonos á praza, onde sempre entramos tocando “El Bon Jesus”.

Margalida – Ei! esa seina tocar co meu “fobiol”!

[Escóitase un pouco de “El Bon Jesus” con “fobiol”.]

Avoa – Moi ben, Margalida! Pois cando entramos na praza entre ese mar de xente tocamos sempre esa peza.

Margalida – Agarda un intre, avoa.

Avoa – Que tes, Margalida?

Margalida – Se na praza están agardando todas as “payesas” e os “xeremiers” acompañan sempre aos “payeses”, como pode ser que haxa “payesas” entre os “xeremiers”?

Avoa – Comprendo que che pode parecer estrito o tema dos colectivos: mouros con mouros, “payesas” con “payesas” e “payeses” con “payeses”. Isto responde a razóns históricas da festa. Malia todo, os “xeremiers” somos un grupo de mulleres e homes, e os nosos “payeses” comprenden e respectan esta singularidade na festa.

Margalida – Ah!

Avoa – E logo a ti pareceríache ben que agora nos dixesen ás “*xeremiers*” que non podemos tocar o día do “*Firó*” por sermos mulleres e os “*xeremiers*” van cos “*payeses*”?

Margalida – Ai, non! Iso sería horrible por parte dos “*payeses*”!

Avoa – Pois iso. Agora que os “*xeremiers*” entramos na praza, lembras o que vén?

Margalida – Que as personaxes históricas soben ao palco do concello e desde alí falan ás “*payesas*” e “*payeses*”. E despois chega o meu momento favorito!

Avoa – Que momento, Margalida?

Margalida – Cando entran os bandoleiros e os “*trabucaires*”!

Avoa – E por que é o que máis che gusta?

Margalida – Porque disparan ao aire cos trabucos e escopetas

[Margalida imita o son dos trabucos e a avoa ri]

Avoa – Ai, miña nena! Es a bomba!

Margalida – De maior quero ser bandoleira!

Avoa – Claro, ti has querer ser todo!

Margalida – De verdade, avoa!

Avoa – Logo hai unha peza, feita polos “*xeremiers*”, que che gustará ben. Chámase “*Jota des Bandolers i Trabucaires*”.

## **#TRACK12 “JOTA DES BANDOLERS I TRABUCAIRES” (Xota dos Bandoleiros e “*Trabucaires*”)**

### **#TRACK13**

Avoa – Ben, Margalida. E a partir do intre no que saímos da praza cara ao porto para loitar contra a mourería, coido que tes máis claro como é a festa.

Margalida – Si! Pero eu quero saber que pezas tocares no resto da xornada!

Avoa – Xa cho contei unha chea de veces! A ver, ata que número sabes contar?

Margalida – Ata máis de cen!

Avoa – Pois esas son as pezas que chegamos a tocar durante o “*Firó*”, máis dun centenar!

Margalida – E non hai ningunha desas no CD dos “*xeremiers*”?

Avoa – Abofé que si, Margalida!

Margalida – E non podemos continuar escoitando?

Avoa – Claro! Mira, estoutra peza tocámola principalmente o sábado da feira para facer bailar aos cabezudos na praza. De feito, o seu título é “Ball des Caparrots”, e está tamén composta polos “*xeremiers*”.

#### **#TRACK14 “ BALL DE CAPARROTS” (Baile dos cabezudos)**

#### **#TRACK15**

Margalida – Como molan os cabezudos!

Avoa – Moito!

Margalida – E cando bailan colócanse en círculo e dan voltas e voltas...

Avoa – Iso mesmo, Margalida!

Margalida – Pero avoa, decateime dunha cousa.

Avoa – Que cousa?

Margalida – Decateime de que os “*xeremiers*” só tocadés pezas tradicionais ou novas feitas por vós.

Avoa – Non é verdade, Margalida! Alén diso, os “*xeremiers*” interpretamos outras moitas pezas que aprendemos durante as nosas viaxes!

Margalida – Viaxes? Onde?

Avoa – Os “*xeremiers*” de Sóller tivemos a grande sorte de ter sido convidados a diferentes festivais de cultura tradicional por toda Europa, onde representamos a Sóller e Mallorca cos nosos instrumentos.

Margalida – E onde foron eses festivais?

Avoa – Pois dentro de España estivemos en Cataluña, Asturias e Galiza, e por fóra estivemos en Alemaña, Italia, Francia e mesmo en Escocia e Turquía.

Margalida – E durante o “*Firó*” tocadez pezas deses lugares?

Avoa – Si, de feito esta peza que vas escoitar agora é unha peza que temos costume de tocar durante a velada das armas, na noite do “*Firó*”, cando os teus queridos bandoleiros preparan o ron queimado. É unha peza que aprendemos en Balingen, Alemaña, e ensinóunola un grupo da Galiza co que mantemos moi boa amizade. É ese tema ao que os “*xeremiers*” lle facemos esa coreografía tan divertida.

## **#TRACK16 “PASDOBLE ARGENTINO”**

### **#TRACK17**

Avoa – Agora, se che parece ben, escoitaremos unha peza que aprendemos dun festival ao que fomos varias veces, polo menos catro, que eu lembre.

Margalida – En que lugar se celebra ese festival?

Avoa – En Glasgow.

Margalida – Glasgow?

Avoa – Si, unha cidade que está en Escocia, un país no norte de Europa. Alí celébrase o maior evento de gaitas do mundo, e non é brincadeira.

Margalida – De verdade?

Avoa – Si, Margalida, chámase “Piping Live” e alí convidan bandas de gaitas de todo o mundo para facer concertos, pasarrúas... E hai quen só vai para participar nos concursos que organizan. Tamén se organizan clases maxistras, conferencias, exposicións...

Margalida – E os “*xeremiers*” de Sóller como participastes nas veces que fostes?

Avoa – A nós convidáronnos sempre a actuar nos concertos e pasarrúas. Imaxino que tivemos a sorte de ser convidados a primeira vez e gustar o suficiente como para que nos volvesen convidar noutras ocasións (Ri). O bonito de volver aos lugares é que sempre fas amizades que duran no tempo.

Margalida – E que peza aprendestes en Escocia?

Avoa – Unha que seguro que coñeces de escoitala máis dunha vez en películas ou na tele. Titúlase “Scotland the Brave”.

## **#TRACK18 “SCOTLAND THE BRAVE”**



## #TRACK19

Margalida –Avoa, quero coñecer máis historias das vosas viaxes e das cancións que aprendestes polo mundo.

Avoa – Entón escoita atentamente, que a vindeira peza ten unha historia moi especial entre os recordos dos “*xeremiers*” de Sóller. Ti coñeces a historia de cando os “*sollerics*”, hai moitos anos, ían en barco desde o Porto de Sóller ata o sur de Francia a levar as laranxas que aquí colleitaban para vendelas alí, verdade?

Margalida – Claro, avoa! Durante moito tempo os “*sollerics*” ían en barco a diferentes portos do sur de Francia levar as nosas laranxas. E había familias “*sollerics*” que quedaron a vivir alí, como é o caso da nosa familia.

Avoa – Exacto, Margalida. O teu bisavó, é dicir, o meu pai, naceu en Francia. Pero el, co tempo, voltou a Sóller para formar a súa familia e quedar a vivir alí. Non coma os meus tíos e curmáns, que quedaron alá aínda que, de cando en cando, aínda veñen de visita.

Margalida – Ai, si? Eu non os coñezo!

Avoa – Ben, Margalida. Cada vez veñen menos e a última vez que viñeron ti eras moi pequena como para lembralo. Pero volvendo á historia, deste nexo entre Sóller e o sur de Francia houbo un ano en que os “*xeremiers*” de Sóller participamos nun proxecto eurorrexional no que, alén de nós, había grupos doutras rexións de Europa, sendo o anfitrión o grupo de Occitania, rexión que ocupa todo o sur de Francia e á que pertencen os portos aos que os “*sollerics*” ían vender laranxas. De acordo?

Margalida – De acordo.

Avoa – Durante ese proxecto realizamos unha estancia no porto de Sète, no marco dun festival de tradicións mariñeiras, onde había barcos históricos chegados de todo o mundo. Este porto, o da cidade de Sète, foi un dos portos onde comerciabamos antigamente os “*sollerics*”. Alí coñecemos xente que lembraba aínda o recendo das laranxas que desprendía o porto cando chegaban os barcos de Sóller, como foi o caso do seu Alcalde. Había persoas que pensaban que Sóller era unha variedade de laranxa e ficaron abraiados cando coñeceron que nome da variedade era realmente “*canoneta*” e Sóller era a vila da que proviñan.

Margalida – De verdade?

Avoa – Si, Margalida. Alí aínda permanece na memoria colectiva o nome de Sóller e das súas laranxas. Incluso un membro do grupo occitano, un home maior, contou que o seu pai traballaba no porto e era un dos encargados de descargar a mercadoría dos barcos, entre outras a das laranxas de Sóller. De feito, contounos que el mesmo

lembraba que, cando era pequeno, xogaba con outros nenos no porto e sabía perfectamente onde descargaban as laranxas.

Margalida – Vaites! Pois iso debeu de ser moi emocionante, non si? Quero dicir, foi como reencontrarvos coa historia!

Avoa – Si, moi emocionante! E aínda non rematei de contarche, porque resultou que, finalmente, unha das actuacións previstas eran xusto no peirao onde descargaban as laranxas. Podes imaxinalo? Xusto onde os noso antepasados traballaban, alí estabamos os “*xeremiers*” tocando pezas de aquí, mallorquinas e “*sollericas*”. Caéronlle as bágoas a máis dun...

Margalida – Agora tesme que dicir que aprendestes algunha peza nese porto, por favor!

Avoa – Claro que aprendemos! Os nosos amigos do grupos occitano aprendéronnos un valse mariñeiro tradicional de Séte. Chámase “Valse Louise” e, cando os “*xeremiers*” gravamos esta peza para o CD do 20 aniversario contamos coa participación dun instrumento que eles empregan: o óboe.

## **#TRACK20 “VALSE LOUISE”**

### **#TRACK21**

Margalida – Que peza vai agora?

Avoa – Non, Margalida, os “*xeremiers*” non temos ningunha orde nas pezas durante o “*Firó*”. Hai unhas cantas que sempre tocamos nos momentos máis remarcados da festa, pero durante todo o día imos interpretando pezas sen orde establecida.

Margalida – Non, avoa, quero dicir no CD dos “*xeremiers*”

Avoa – Ah! Perdoa, pequena, non entendera. A ver... Pois mira, a peza que escoitaremos agora é unha das pezas que todo o mundo agarda nun dos momentos máis importantes do “*Firó*”.

Margalida – Que momento?

Avoa – A ver se acertas que peza é. Xa volvemos do porto de loitar as dúas batallas. Tamén pasamos pola terceira batalla na Ponte de Barona. Os “*payeses*” entramos na praza para loitar en contra dos mouros, que xa a ocuparan previamente. O noso Capitán Angelats derrota ao Rei Mouro no último combate, que se disputa no atrio do concello, para despois subir ao balcón, proclamar a súa arenga e cantar todos os “*sollerics*” que enchen a praza...

Margalida – A Balanguera!

Avoa – Exacto! O himno da nosa illa, o himno de Mallorca. Todo Sóller na praza e todas e todos cantándoo.

## #TRACK22 “LA BALANGUERA” (A Fiandeira)

### #TRACK23

Margalida – Que final de festa! Foi escoitar a “Balanguera” e púxoseme a pel de pita!

Avoa – Como que final de festa?

Margalida – Si, non? Cando remata a Balanguera remata o “Firó”. Xa non hai nada máis.

Avoa – Como que nada máis? Non, Margalida, a festa, malia ser xa noite, non rematou!

Margalida – Ai non?

Avoa – Fai memoria, que o pasado ano viñeches comigo ata a fin da festa. Non lembrás que esperamos ante a igrexa a que chegasen as personaxes históricas e desde alí devolvemos, co resto de “payeses” e “payesas”, a imaxe da Virxe da Vitoria á capela do hospicio?

Margalida – É certo! Devolvémola porque antes, no sábado da feira, levamos a virxe do hospicio á igrexa para lle facer unha ofrenda. Non lembraba!

Avoa – Ai Margalideta... Que cabeciña! E non lembrás que cando a devolvemos ao hospicio cantamos todos unha canción no interior da capela?

Margalida – Non, avoa. Síntoo

Avoa – Non pasa nada. Alí cantamos unha canción moi antiga. Un canto gregoriano que ten séculos de antigüidade.

Margalida – Séculos? Na escola aprendéronnos que un século son cen anos!

Avoa – Pois imaxina cantos anos hai que se canta esa canción.

Margalida – Moitísimos!

Avoa – Si!

Margalida – Pero... como se titula?

Avoa – Titúlase “Salve Regina” e os “xeremiers” tamén fixeron unha versión.

## #TRACK24 “SALVE REGINA”

### #TRACK25

Avoa – E agora, cando saen todos do hospicio, xa se pode considerar o remate da festa.

Margalida – Pero lembro que despois os “*xeremiers*” aínda tocaban, e a xente seguíaos pola rúa do hospicio e a rúa da lúa.

Avoa – É verdade, Margalida. E sabes que peza tocamos os “*xeremiers*” cando saímos do hospicio?

Margalida – Cal?

Avoa – Unha peza que repetimos unha e outra vez ao longo do día e aínda non escoitamos: “Som Solleric”

Margalida – É verdade!

Avoa – Queres que a escoitemos agora?

Margalida – Si, por favor!

Avoa – Pois imos aló!

## #TRACK26 “SOM SOLLERIC” (Son de Sóller)

### #TRACK27

Avoa – Unha vez rematado todo o “*Firó*” aínda hai xente con ganas de seguir coa festa e, quen quere, busca onde alongala.

Margalida – E onde van?

Avoa – Moita xente queda pola praza, sobre todo. Hai certos bares que quedan abertos e alí xúntanse mouros, “*payeses*” e “*payesas*” como fillos de Sóller que son todos.

Margalida – E os “*xeremiers*” tamén van?

Avoa – Abofé que van! Xa che teño dito que os “*xeremiers*” quedan desde o comezo ata o final de todo. Concretamente, unha vez rematado todo os “*xeremiers*” temos por costume ir ao bar “Es Pont”. Alí sempre nos trataron moi ben, sempre teñen algo preparado para levar á boca. Que despois de todo o día de arriba para abaixo sempre é de agradecer!

Margalida – E que toca des, avoa?

Avoa – Tocamos aínda moitas máis pezas ata pasada a medianoite. Pero hai unha que, por costume, tocamos sempre. Gústanos tocala porque é unha broma que facemos entre o nome do bar, “Es Pont”, e o nome da peza: “As pontes de París”. Non é que teña moita lóxica, pero somo así os “*xeremiers*”: facemos sempre o que nos sae de dentro só polo gusto de facelo.

## #TRACK28 “ELS PONTS DE PARÍS” (Los Puentes de París)

### #TRACK29

Avoa – Veña, Margalida! Agora vai practicar co “*fobiol*” e así, cando sexas algo máis grande, poderás vir coa avoa e os “*xeremiers*” e pasar un “*Firó*” como pasamos os “*xeremiers*”.

Margalida – Si, avoa! Ensaiarei moito e tocarei con vós!

[Margalida marcha tocando no “*porqueret*” “Per tocar caminant”]

Avoa (en ton reflexivo) – Esta cativa... que ganas ten de saír no “*Firó*” cos “*xeremiers*”! Ai, se soubese que eu teño aínda máis ganas ca ela...

### #BONUS TRACK

Capitán:

Moi ben, “*xeremiers*”, moi ben.

desenvolvéstesvos de primeira

soubestes loitar e vencer

aos mouros na carreira.

Douvos os parabéns,

a todos sen distinción,

dando as grazas aos seus

“*xeremíes, tamborinos e fobiols*”.

(a coro)

“E mentres o mundo sexa mundo,

lerase na historia

que os “*sollerics*” ese día

acadaron honra e gloria”

Cánticos - Capitán, capitán, capitán...

Que bote, que bote, que bote o capitán!